

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 29.01.2018	Ref. 02/2018
TRÁMITE	Acta	

## **ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE XANEIRO DE 2018**

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 29 de xaneiro de 2018, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

### **Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:**

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Baldomero Lorenzo Giráldez

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Francisco Vázquez Troitiño  
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Giráldez Leirós  
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha

SECRETARIA

D. Emilio Muíños Pumar  
D<sup>a</sup>. Silvia González Pereira

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

**Secretaria**

M<sup>a</sup> Angeles García Villaverde

**Interventora**

M<sup>a</sup> Emilia García Maneiro

**1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (18 de decembro de 2017 e 15 de xaneiro de 2018).**

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos a acta da sesión celebrada con data 18 de decembro de 2017 a acta que resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Corporación.

A continuación a acta de pleno, con data 15 de xaneiro de 2018, sometida a votación resulta aprobada por unanimidade.

**2. Expte. 1566/2017. Aprobación inicial do proxecto de expropiación forzosa urxente da obra “Nova senda fluvial do río Louro. Desde o Camiño de Lagoal, parroquia de Louredo”.**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión informativa de Servizos Públicos e Patrimonio, de 24.01.2018.

O Sr. Vázquez Troitiño di que como non vai a estar a favor que incrementar a rede de sendas peonis, e o procedemento de expropiación feito con tódalas garantías e un procedemento administrativo mais, pero as formas cos propietarios deixaron bastante que desexar.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que se van abster, aínda que están a favor das sendas, pola forma que se levou o tema xa que nin se informou aos veciños nin a propia

SECRETARIA

oposición, non é certo que hai catro persoas senón que hai un escrito asinado por nove persoas.

A Sra. Pérez Ucha di que estan de acordo con esta obras que é unha obra que levaban no seu programa e que estan pedindo xa hai varios anos, pero que atravesan as fincas deixando trozos aos dous lados polo que debian expropiar ata o camiño, por isto se van abster.

O Sr. Aldea Moscoso di que estan a favor de todas as sendas pero non asi, aqui estase votando a expropiación urxente dos terreos, non o proxecto, considera que non hai ningunha urxencia, si fora achegado ao río podia ser pero atravesando as leiras non ten sentido, os veciños que non estan de acordo que se sepa son o 70% dos afectados polo que votaran non.

O Sr. Muíños Pumar, di que unha vez mais quere insistir que a presa non é unha boa compañeira de viaxe, si se negociara igual non haberia nove propietarios que estan alegando, ese proxecto non é unha continuidade e debería ser apto para persoas discapcitadas e non se debería absorber os camiños de servico as fincas. A Alcaldesa, di que esta é a obra mais demandada dos veciños, un lugar dos mais utilizados do Concello. Que se tentou que as cesións fosen gratuitas, indo os concelleiros de Mos e Louredo casa por casa, pero un veciño tivo unhas formas terrorificas cos concelleiros e coa policia local e aí empezaron os problemas. Que a senda ten que ir por onde vai xa que hai un ano cambiou a lei e acabaronse os paseos ao lado do río, que hai que ter en conta que son fincas que non valen mais que para plantar millo ou patacas e que se vai poder seguir facendo, non poden uns cuantos veciños condicionar unha obra de interés xeral. Quere recalcar que se falou con todos os veciños e non se poden permitir chantaxes nin ameazas, que ningunha das familias non se verá agraviada xa que a maioría son fincas que estan sen traballar; os veciños teñen dereito a alegar pero o Concello ten que ver o interés xeral.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (9) e do Sr. Vázquez Trotiño, e voto negativo do B.N.G. (1), e coa abstención do grupo de GañaMos (3) e do P.S.deG.-P.S.O.E (3)), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

SECRETARIA

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto denominado “NOVA SENDA FLUVIAL NO RIO LOURO DENDE O CAMIÑO DE LAGOAL, PARROQUIA DE LOUREDO, NO T.M. MOS”, redactado polo Sr. Enxeñeiro don Julio Roberes de Cominges e declarar a utilidade pública e urxente ocupación do mesmo.

**Segundo.-** Dispoñer a aplicación do sistema de expropiación forzosa, mediante o procedemento de urxencia, para a obtención dos terreos afectos ao proxecto.

**Terceiro.-** Aprobar inicialmente a relación, obrante no expediente, dos terreos cuxa ocupación ou disposición considéranse necesarios aos efectos de expropiación forzosa, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa. Na relación exprésase, xunto co estado material e xurídico de cada un dos bens ou dereitos, os nomes dos propietarios ou dos seus representantes.

**Cuarto.-** Facer pública a relación de bens ou dereitos xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios en o *Boletín Oficial da Provincia*, no xornal de máxima difusión na Provincia, na sede electrónica deste Concello, e no taboleiro de anuncios do Concello, con notificación individual aos interesados, a fin de que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

As publicacións referidas e, particularmente, os anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello, servirán de notificación para os interesados e posibles titulares dominicais ou doutros dereitos reais ou intereses económicos directos sobre o ben a expropiar que resultan descoñecidos, ou respecto dos cales se ignore o lugar para a práctica das notificacións, de acordo co previsto nos artigos 58 e 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Si efectuada a referida publicación non comparecen os propietarios descoñecidos, entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal, ao que se lle notificará o presente acordo.

Nº	Políg	Parc.	Titular	Superficie	Sup. Expropiac.

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

1	11	30	Chorro Naval, S.L.	13593	621,82
2	11	37	Jesús García Martínez	600	32,11
3	11	38	Joaquín García Coto	593	46,12
4	11	39	Carmen Alonso Carrera	452	40,87
5	11	40	Florentina Alonso Rodríguez y Otros	253	29,55
6	11	41	En investigación, art. 47 Lei 33/2003	207	26,22
7	11	42	Hros. de Mercedes Ogando Alonso	2812	177,23
8	11	48	Jesús García Alonso	696	7,97
9	11	49	Anuncia García Rodríguez	939	109,26
10	11	636	En investigación, art. 47 Lei 33/2003	368	12,36
11	11	56	Perfecto Carballido Rodríguez	890	84,58
12	11	57	Rafael Carballido Rodríguez	980	66,30
13	11	58	Hros. de Dionisio Leirós Míguez	646	31,44
14	11	59	Florentina Alonso Rodríguez	1156	60,22

SECRETARIA

15	11	60	Rosa Carrera Rodríguez	334	17,58
16	11	61	José Vila Rodríguez	307	16,64
17	11	62	Saladina Carrera Rodríguez	359	18,93
18	11	63	Ramón Rodríguez Alonso	357	21,42
19	11	64	Francisco Nuñez Carrera	854	46,55
20	11	70	Adelina Leirós Domínguez	2680	129,42
21	11	71	Carmen Domínguez Castro	1446	66,76
22	11	121	Rafael Rodríguez Castro	2123	92,11
23	11	147	Miguel Ángel Reboreda Martínez y Otros.	7009	446,13

**Quinto.-** Remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación, tras a súa aprobación definitiva.

**Sexto -** Facer constar no Rexistro da Propiedade o inicio do expediente expropiatorio, mediante nota á marxe da última inscrición de dominio dos predios correspondentes que figuren inscritos.

**3. Expte. 1195/2017. Aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa da obra “Conexión do saneamento de Tameiga coa rede de colectores do Louro”.**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión informativa de Servizos Públicos e Patrimonio, de 24.01.2018.

SECRETARIA

Intervén o Sr. Vázquez Troitiño dicindo que considera a expropiación o metodo normal para a realización de obras públicas senon se chega a un bo acordo, pero que hai que coidar tamén as formas aínda que sen esquecer o obxectivo.

O Sr. Rodríguez Alonso di que se van abster xa que lle consta que tódolos veciños estaban a favor, incluído o que agora se nega, porque se trata dunha obra moi esperada . Pero que a persona agoa se nega polo atropello sufrido nas súas propiedades por parte do concello, xa que aproveitando a súa ausencia, o Concello pasou a tubería de saneamento por un camiño de servizo da súa propiedade e se opuxo esperando que o Concello lle busca unha solución no outro caso; os veciños están a favor coas obras pero no por encima dos seus dereitos sobre a súa propiedade.

A Sra. González Pereira vai votar a favor porque consideran que é un servizo básico que deben ter todos os veciños.

O Sr. Aldea Mosocoso di que se absterá xa que aquí hai máis cousas que enrarecen esta expropiación.

O Sr. Muiños di que aquí si efectivamente hai que apurarse polo que votará a favor.

O Sr. Augusto Martínez di que o manifestado polo grupo de Gañamos é rotundamente falso xa que quen fixo a obra foron os veciños non o Concello, que se colocaron 200 m. de tubería o que supón un mínimo dunha semana de traballo polo que non se pode dicir que se aproveitou que non estivera na casa; que en ningún momento houbo vontade de ceder senón de chantaxe condicionando a cesión a resolución dun tema privado, e non se pode subordinar unha obra de interese xeral a un acordo de servidume privada.

Tras o debate, sométese o acordo a votación ordinaria, e por maioría dos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (9) , P.S.deG.-P.S.O.E (3) e do Sr. Vázquez Troitiño; e coa abstención do grupo GañaMos(3) e do B.N.G. (1) , o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

SECRETARIA

**Primeiro.** Aprobar con carácter definitivo o proxecto da expropiación así como a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a ocupar con carácter de urxencia para a execución da obra “**CONEXIÓN DO SANEAMENTO DE TAMEIGA COA REDE DE COLECTORES DO LOURO T.M MOS**” , declarando a necesidade da urxente ocupación o a utilidade pública do proxecto así como a designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites, co seguinte detalle:

- Identificación do propietario: **DESCOÑECIDO.**
- Descrición da leira: **POLÍGONO 38 PARCELA 849. REFERENCIA CATASTRAL 36033A038008490000SK**
- Valoración: VALORACIÓN SERVIDUME ACUEDUTO PARCELA 849 DO POLÍGONO 38 : Canalización de 19 m. de lonxitude x 3 m de franxa = 57 m<sup>2</sup> x 2,16 Euro/m<sup>2</sup> = 123 , 12 euros VALORACIÓN SERVIDUME OCUPACIÓN TEMPORAL PARCELA 849 DO POLÍGONO 38 : Canalización de 19 m. de lonxitude x franxa 8 m de ancho = 152 m<sup>2</sup> x 0,17 Euro/m<sup>2</sup> = 25,84 euros SUMAN A CANTIDADE DE 148,96 EUROS . PREMIO AFECCIÓN DO 5 % = 148,96 x 0,05 = 7,44 euros TOTAL = 148,96 euros + 7,44 euros ( premio afección ) = 156,40 euros . Ascende a valoración á cantidade de 156,40 euros .

**Segundo.** Respecto á finca afectada polo expediente de expropiación e cuxos titulares non comparaceron no expediente, se da traslado do actuado ao Ministerio Fiscal, con quen se entenderán as actuacións posteriores.

**Terceiro.-** Considerar que co actuado queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e por tanto, acórdase a necesidade de ocupación dos mesmos.

**Cuarto.-** Solicitar ao órgano competente da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación de conformidade co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, instando a súa aprobación polo Consello de Goberno e visto o informe xustificativo



SECRETARIA

da urxencia emitido pola Sra. Enxeñeira municipal con data 10 de novembro de 2017.

**Quinto.-** Remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.

**4. Expte. 247/2018. Aprobación da subrogación do dereito de superficie da parcela municipal 1.A.2.0003.**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Servizos Públicos e Patrimonio celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso, di que o seu grupo se vai a abster, xa que a terceira empresa vaille pagar 310.000 euros a Panelfa, e ao Concello unha cantidade inferior e que o que tería que facer Panelfa e pór a disposición do Concello as instalacións para volver a sacalo; en resúmen que o patrimonio municipal non está para que empresas privadas fagan negocio.

O Sr. Aldea Moscoso di que votará a favor antes de que se caia como pasou coas instalacións de Granitos Ibéricos.

O Sr. Muíños Pumar coincide en que votará a favor para polo menos, conservar as instalacións.

A Alcadesa explica que si se trae aquí é algo que está permitido é unha subrogación e hai que pensar nos postos de traballo e na conservación do patrimonio.

A secretaria explica os trámites segundo os pregos de condicións que o Concello ten un 10 % no prezo de subrogación e a seguinte empresa ten un incremento na renda doutro 10%, e que ademais se atopou un erro na liquidación do canon polo que teñen que liquidar antes.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos membros do grupo municipal do P.P. (9), do grupo de P.S.deG.-P.S.O.E

SECRETARIA

(3) e do Sr. Vázquez Troitiño, e do B.N.G. (1) , e coa abstención do grupo de GañaMos (3) , o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

1.- Autorizar a cesión do dereito de superficie que PANELFA S.L. ten sobre a parcela de titularidade municipal, sita en Dornelas, e inscrita no Rexistro da Propiedade de Redondela no Tomo 274, libro 57, e folio 86; nas mesmas condicións e prazo; previo pago del 10% do prezo da transmisión que nunca será inferior a 12.000 euros e o depósito de garantía bastante do pagamento da participación do Concello.

2.- Autorizar o cambio de actividades sempre que, unha vez presentado o correspondente proxecto de actividade, o permita a normativa urbanística.

3.- Facultar a Sra. Alcaldesa para a realización de cantos actos sexan precisos para a efectiva transmisión do dereito de arrendamento a empresa INGENIERÍA DE PROYECTOS MARINOS S.L

#### **5. Aprobación da concesión demanial para uso privativo da Aldea Alfacuca**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Promoción Económica, Emprego e novas tencoloxias, celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso di que van votar a favor pero pide que a próxima vez sala a concurso público para que todos os interesados poidan acceder.

A Sra. Pérez Ucha espera ver a Alfacuca en boas condicións en pouco tempo.

O Sr. Aldea Moscoso di que a parte de arriba de Alfacuca esta chea de mimosas e senon puidera, limpar a parcela, a nova concesionaria que o Concello botara unha man.

O Sr. Muiños Pumar pide que se faga un seguimento aos novos que entren para que non pase o mesmo.

SECRETARIA

A Alcaldesa di que esta moi satisfeita do resultado ao que se chegou, e saúda ao Centro das Esclavas que acudiron ao Pleno, non se sacou un concurso porque xa que hai no Concello centros deste tipo se prefire. Explica que o estado de abandono non é alleo a Aceesca, xa que ao intentar desenvolver varios proxectos non podían facer practicamente nada. Quere por ultimo ofrecerlle a man á novo concesionario para entregala nas mellores condicións e limpa.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

1. Aceptar a renuncia presentada á anterior concesión aprobada a ACEESCA.
2. Aprobar a concesión directa, á entidade relixiosa ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA, do uso dos bens integrantes do complexo ALFACUCA segundo proxectos adxuntos. polo sistema de concesión demanial directa xustificado nos artigos 93 e 137.4 da lei 33/2003, toda vez que se trata dunha entidade relixiosa que realizará fins de interese xeral.
3. A concesión do uso é con carácter gratuíto se ben condiciónase aos usos sinalados nos estatutos da asociación, de modo que, de deixar a parcela cedida de estar afecta a finalidade pretendida considerárase resolta a concesión.
4. A concesión directa terá unha duración de CINCO anos a contar dende a obrigada sinatura do contrato en documento administrativo.
5. O concesionario non poderá cambiar o destino do local, nin utiliza-lo para usos distintos dos propios da entidade, e tampouco poderá arrendar, traspasar nin ceder a terceiros, nin onerosamente nin en precario, todo ou parte do local obxecto de cesión, obrigándose a conservalo en bo estado, realizando para elo as reparacións que sexan necesarias.
6. A cesionaria obrígase ao mantemento en bo estado dos bens obxecto da cesión.

SECRETARIA

7. Unha vez finalizado o período de concesión os bens cedidos reverterán ao Concello.
  8. O Concello poderá deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen el cando non procedera.
  9. A concesión outórgase, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.
  10. A cesionaria obrígase a abandonar y deixar libres e vacuos, a disposición da administración, dentro do prazo, os bens obxecto da utilización, recoñecendo a potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.
  11. Aos efectos de sancións en caso de infraccións administrativas será de aplicación o establecido na Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.
  12. A entidade nomeará un representante para a materialización das actuacións necesarias para o uso comunicando as mesmas ó Concelleiro Delegado da Área de Promoción Económica.
  13. A concesinaria asumirá os custos derivados do desenvolvemento da súa actividade.
  14. O contrato de cesión recollerá unha descrición das instalacións e do seu estado á data da súa sinatura, mais un inventario da totalidade de bens que se ceden .
  15. Facultar á Sra. Alcaldesa para que en nome e representación do Concello de Mos subscriba o correspondente acordo en documento administrativo.
- 6. Bonificación no ICIO sobre a obra “Rehabilitación enerxética do CEIP Pena de Francia (expte. 2709/2017)**

SECRETARIA

Da conta a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación, celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Declarar o especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias socias na obra rehabilitación enerxética do CEIP Peña de Francia, A Igrexa s/n, Tameiga, concedendo o 95% de bonificación na CUOTA DO IMPUESTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola execución de esta.

**Segundo.-** Comunicar o acordo ao interesado e a o Departamento de Urbanismo do Concello para a súa incorporación ao Expediente de referencia.

#### **7. Addenda do Convenio de Colaboración Doing Bussiness.**

Da conta a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contratación, celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

O Sr. Rodríguez Alonso, manifesta que afortunadamente parte do que se dixo no anterior Pleno que se tratou este tema non caíu en saco roto, con esta Addenda a Xunta permite adherirse aínda que non se exima dalgúns taxas pero consideran insuficiente xa que o carácter voluntario tería que ser para tódalas taxas e non solo para estas, pero polo menos recupérase algo polo que votarán a favor.

O Sr. Aldea Moscoso di que a súa postura xa quedou clara no anterior Pleno que se tratou o asunto e o que queren é e que se recupere todo o que se poida.

A continuación, sométese o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** A Revogación Parcial do Acordo adoptado no Pleno do 30 de outubro de 2017, no referente a Modificación das Ordenanzas fiscais da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos e Taxa pola apertura de establecementos.

SECRETARIA

## **8. Modificación do proxecto do Transporte Urbano Municipal**

Explica a Secretaria que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, celebrada o 24 de xaneiro de 2018.

O Sr. Rodríguez Dasilva di que van votar a favor pero pídelles que canto antes se publiquen as frecuencias sobre todo, Porriño-Vigo, e tamén dicir que o servizo ten pouca aceptación polos veciños polo que todos deben botar a man e polo que botan en falta que se convoque á oposición con mais antelación, e que non se convoque ás asociacións de veciños.

O Sr. Vázquez Troitiño quere insistir en que as asociacións de veciños deberíanse convocar antes de publicalo.

A Sra. Pérez Ucha di que van votar a favor, que habían pedido que a Lanzadeira verde chegase ao Oscar Pereiro e ao Instituto e agradecen á concelleira que esta vez xa esté incluído e que chegue ao Cristo dos Santos Reis. Por último quere facer unha puntualización que a Lanzadeira verde reseñe tamén o “Pavillon Oscar Pereiro”.

O Sr. Aldea Moscoso quere dicir que o proxecto é do Partido Popular non da Corporación, que vai mal e entón chama á oposición para ver si se pode solucionar, que con bo criterio está axudando. Pregunta si agora xa se pode pasar por encima doutros tramos con outras concesións, antes non, que haberá que falar coa Universidade para ver si se pode poñer unha parada, e que vai votar que non.

O Sr. Muíños Pumar di que é un tema que viron a fondo, considera que a xente non mentalizada co transporte público polo que o tema está en fomentar o seu uso nos xóvenes. Que por suposto que hai que facer os cambios necesarios.

A Sra. Loureiro Campo di que se fixo o proxecto e despois plantexouse á oposición para recoller calquera suxerencia que fora positiva, tiveronse en conta opinións de tódolos sitios sobre todo dos veciños, é moi difícil que se poña en marcha porque non hai costume de utilizar o transporte público pero que se procurou mellorar intentando recoller as solicitudes dos veciños.

SECRETARIA

A Sra. Alcaldesa di que o goberno que gastando tratando de gastar o menos posible busca un bus que pase por todas as parroquias, poñendo algún horario mais e mellorando as rutas; o 7 de febreiro empezarase polas parroquias, por Torroso, para explicar os novos trazados.

Tras o debate, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, do grupo municipal GañaMos (4) e do P.S.deG.-P.S.O.E (3) e o voto negativo do e do B.N.G. (1); o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a proposta de modificación do proxecto de transporte urbano de viaxeiros por autobús do Concello de Mos.

**Segundo.**- Someter o proxecto do servizo público de transporte a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobado definitivamente de non presentarse alegacións no prazo de exposición ao público.

### **9. Dación de conta do escrito do Concelleiro para a súa incorporación como membro non adscrito.**

A Alcaldesa da conta do escrito presentado polo concelleiro, don Emilio Muíños Pumar, e a continuación dálle a palabra.

Explica o Sr. Muíños, que se viu obrigado a presentar este escrito para levar unha oposición seria, firme e construtiva para todos os veciños, que non se pode permitir seguir en un partido asambleario que ata agora era estatutario, non pode vir coas decisións adoptadas.

A Sra. Alcaldesa dille que ten o respecto de toda a Corporación e que a partir de hoxe estará cos dereitos que lle correspondan como concelleiro non adscrito.

### **10. Dación de conta da renuncia do concelleiro Francisco Vázquez Troitiño.**

SECRETARIA

A Sra. Alcaldesa da conta do escrito de renuncia do concelleiro don Francisco Vázquez Troitiño e a continuación dálle a palabra.

Explica o Sr. Vázquez Troitiño que non existe a oposición senón que el se considera como membro da corporación sendo responsable ou corresponsable dos acordos. Quere empezar recordando a admirable transformación que levou o departamento de Servizos Sociais, hoxe en día non hai ningún veciño de grado 2 sin atender; tamén a creación e mellora das zonas de ocio ou disfrute como pode ser As Pozas, ou a zona de Puxeiros. Pero leva grandes decepcións como a área metropolitana, o edificio do Rebullón, polo PXOM, a nave que segue sen medir, a perigosidade da AP-9. Que lle queda a ilusión da cidade deportiva do Celta neste Concello pero garantindo accesos cómodos, un entorno respetuoso e uns postos de traballo que non sexan froito do enchufismo senon que sexan escollidos polas súas capacidades. Quere rematar recordando aos funcionarios do Concello que axudaron, a veces con valentía, a aumentar a democracia a transparencia deste Concello. Pensa que ao irse acepta como demócrata que a asamblea e soberana nas decisións de Gañamos, pero que el, por ética e en conciencia, non pode participar en decisión que non considera as mellores para Mos e que seguirá na primeira liña do traballo social voluntario en asociacións.

A Sra. Alcaldesa di que non empezaron moi ben, que é certo que algunha cousa molestou moito nestes dous anos, pero hoxe pode dicir, despois de analizar as súas exposicións e votacións ou seus encontros no concello, que se trata dun home valente, que o que o levou a estar aquí foi soamente o interés do Concello, e que é unha pena que se vaia, remata agradecendo o traballo do concelleiro.

O Sr. Rodríguez Alonso, en nome do seu grupo, quere agradecerlle a labor desenvolvida e que saben que sempre o fixo de maneira desinteresada e pensando que era o mellor, así como o trato e o apoio recibido, e que tamén entendera que as decisións no noso grupo son pola asamblea, que é certo que houbo encontros e desencontros que sempre se solucionaron. Para rematar quere desexarlle a mellor da sorte na nova andadura

## **11. Resolucións de alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.



SECRETARIA

## 12. Comunicaci3ns de Alcaldía.

A Alcaldesa comunica que lle parece unha boa proposta a do BNG de crear unha comisi3n de seguimento da posible afecci3n de Lindano neste Concello e que lle vai solicitar a Xunta de Galicia e a Confederaci3n que designen unha persoa.

## 13. Rogos e preguntas.

O Sr. **Rodríguez Alonso**, en relaci3n o pavill3n Peña de Francia di que ten numerosas deficiencias: Por unha parte os Fondos europeos concedidos estaban destinados a arranxar a pista, os da Consellería da Presidencia para os vestiarios, e os do seguro para arranxo das paredes que derrubara o temporal; construíuse unha pista elevada con un escal3n e agora solucionouse cunha barandilla que aumenta o perigo para os usuarios. Pregunta a que foron destinados os fondos da consellería, e por qué ao instalar as portas dos vestiario non se fixeron coas medidas para acceso dunha cadería de rodas, tamén quere saber si a barandilla cumpre as medida legais e quen autorizou a apertura, xa que a práctica do deporte pode levar a moitos problemas de integridade física e pide que o espacio entre a pista e as gradás se rechee dalgunha maneira .

Responde a Sra. Alcaldesa, da a impresi3n de que quixera que o pavill3n estivera todavía no chan; que se buscou a mellor soluci3n e o pavill3n est3 arranxado, non é novo, pero si reparado. Continúa dicindo que este expediente ten unha directora de obra que é a aparelladora municipal e da autorizaci3n para abrillo, que queda o tellado pero que se est3 intentando conseguir subvenci3n. Explica que o seguro arranxou as paredes, Vicepresidencia, a traves de Fondos Europeos, a pista e Secretaría Xeral arranxou os ba3os dos vestiarios.

Sobre o Proxecto do Celta de Vigo, manifesta que estiveron en contacto coas comunidades de augas e as comunidades montes, e sorprend3ronse que nin as comunidades de augas nin a comunidade de montes de Tameiga teñen coñecemento do proxecto, que a única é a Comunidade de montes de Pereiras.

Responde a Alcaldesa que o concelleiro estivo na reuni3n co Celta e sabe o que se falou alí das comunidades de auga, que a Comunidade de Montes de Tameiga pediu que se designara unha persoa, Roberto Abas, para ver si estaban afectadas e si era así buscar a menor afecci3n. Ademais comunicarlle que o día 2 van a reunirse as traídas cos técnicos. E que aínda est3n empezando a traballar.

SECRETARIA

Continúa o Sr. Rodríguez Alonso dicindo que o proxecto de Roberto Abas, o pediu a Comunidade de Montes de Tameiga e que non entende como pode abarcar as comunidades de augas de Pereiras cando non se falou con elas. Para rematar quere pedir que se forme una comisión de seguimento donde interveñan os grupos municipais e as directivas afectadas (comunidades de montes e de augas) e que a información se de en bloque para garantir que o proxecto responde ás necesidades de todos.

**O Sr. Rodríguez Dasilva**, pregunta polo prazo para o comezo das obras da A-55

Responde a Alcaldesa que dixeran finais de xaneiro e que vai mañan a Formento a preguntar que pasa e que non vai permitir que isto se demore mais.

Prazo para o comezo das obras da pasarela da N-550.

Responde que pensa que a están contratando pero que mañan ao ir a Fomento preguntara por todo o pendente.

Que trámites fixo o Concello ante Fomento para arranxar a saída da AP-9 no alto de Puxeiros.

Responde a Alcaldesa que se envían todos os acordos a donde haxa que envialos e insiste en que maña leva 9 asuntos para tratar en Fomento

**A Sra. Giráldez Leirós**, pregunta sobre unha moción presentada polo seu grupo para facer unha ordeanza sobre a lei de protección de animais de convivencia..

Responde a Alcaldesa que se tratará.

**A Sra. Pérez Ucha**, nas obras da PO-331 quedaron uns ocos que van levar prantas pero agora están cheos de lama e estes días que xa caíu unha persoa polo que se debe facer algo.

Sobre a reforma do Pavillón Oscar Pereiro hai poucos enchufes e que a veces salta a corrente.

Responde o concelleiro delegado de deportes, Sr. García Lorenzo, o de saltar a corrente xa foi subsanado cambiando o cableado e os enchufes puxéronse mais, 5 en total.

SECRETARIA

Pregunta cando se abre a ludoteca de Louredo.  
Responde a Alcaldesa, que cando se teña a autorización da Consellería.

O **Sr. Aldea Moscoso**, sobre o proxecto do Celta pensa que se podía pedir algun informe exterior xa que se vai a utilizar unha figura que nunca se utilizou neste Concello.

Sobre Afansa segue cheirando.  
Responde a Alcaldesa que efectivamente iso hai que tratalo de novo.

Sobre a Deputación, o Concello de Mos está dentro do Plan de Movilidade sustentable, polo que si se fai algo traelo antes para que se acorde en conxunto.

Sobre a Ludoteca de Louredo que deben podarse as arbores e que tamen se falou de pintar un mural.

O **Sr. Muíños Pumar**, escrito dunha protesta sobre a selección de monitor de curso de soldadura que expón unha serie de anomalías, segundo consta, no escrito, o proceso foi moi irregular.

Responde o concelleiro delegado, Sr. Soto Abadín, xa houbo unha contestación a reclamación.

Sobre o alumeado quere dicir que é impresentable que hai zonas de Mos totalmente a oscuras, califica á empresa que o leva como nefasta, por exemplo canto tempo leva a Vía do Tranvía a oscuras, a entrada do polígono da Veigadaña tamén.

O Convenio de cultura, cando se concreta e a ver se non pasa como estes anos e que non está de acordo coas limitacións de actuacións.

Responde a concelleira delegada, Sra. Cebreiro Alonso, que se levou a comisión informativa e foi aprobada por unanimidade.

Antes de rematar o Pleno dáse conta da desestimación do recurso Contencioso presentado no expediente de licitación do Servizo Axuda no Fogar.

Levanta a sesión sendo as doce horas e trinta minutos do vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaioito, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Praza do Concello n1- Petelos

36416 – Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

SECRETARIA

A Alcaldesa,  
Visto e praxe  
Nidia M<sup>a</sup> Arévalo Gómez  
Villaverde  
(Asinada electronicamente)

A Secretaria,  
M<sup>a</sup> Angeles García  
(Asinada electronicamente)